

OITAVA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE FERROL PARA A FORMALIZACIÓN DA ENCOMENDA DE XESTIÓN DA EXPLOTACIÓN, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DO SISTEMA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DO CONCELLO DE FERROL

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, nomeada polo Decreto 44/2024, de 14 de abril, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de presidenta de Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 do estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, en relación co artigo 2.b.1 do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra parte, José Manuel Rey Varela, alcalde do Concello de Ferrol, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

EXPOÑEN

1. O 1.8.2017 asinouse un convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Ferrol para a formalización da encomenda de xestión da explotación, mantemento e conservación do sistema de saneamento e depuración do Concello de Ferrol.

2. O 30.7.2021 formalizouse unha addenda ao convenio para ampliar o prazo de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2021 e modificar a cláusula quinta no senso de engadir unha nova obriga do Concello de Ferrol.

O 31.12.2021, o 30.3.2022, o 19.12.2022, o 4.12.2023, o 20.12.2024 e o 02.01.2026 subscribíronse, respectivamente, a segunda, a terceira, a cuarta, a quinta, a sexta e a sétima addendas ao convenio para ampliar o seu prazo de vixencia. Coa subscrición da última addenda o prazo de vixencia remata o 30.04.2026.

3. A xestión do sistema de saneamento e depuración que dá servizo aos concellos de Ferrol e Narón foi obxecto, durante anos, de controversia institucional derivada da inexistencia dun instrumento convencional que regulase de forma completa as condicións de prestación do servizo e o correspondente reparto de custos, o que deu lugar á interposición de diversos recursos no ámbito contencioso-administrativo.

Recentes resolucións xudiciais ditadas polos órganos da orde contencioso-administrativa, e nomeadamente as sentenzas do Tribunal de Instancia de Ferrol de febreiro de 2026, estimaron



as pretensións do Concello de Ferrol, recoñecendo a obriga do Concello de Narón de asumir o custo do servizo recibido conforme a criterios obxectivos de reparto.

4. O 31.03.2026 Augas de Galicia remitiu aos concellos de Ferrol e Narón unha nova proposta de convenio co obxecto de formalizar unha encomenda de xestión da explotación, mantemento e conservación das instalacións de saneamento e depuración que dan servizo aos concellos de Ferrol e Narón, así como determinar as condicións que rexerían dita encomenda.

5. Tras a análise desta proposta, así como tamén dadas as recentes resolucións xudiciais, ambos os dous concellos comunicaron a Augas de Galicia o inicio de un proceso de negociación e manifestaron a súa vontade de acadar a formalización dun convenio para a xestión do devandito sistema de saneamento e depuración. Para isto, solicitaron a Augas de Galicia que se ampliase o prazo para contestar á proposta remitida o 31.03.2026.

Por estes motivos considérase necesario formalizar unha addenda para ampliar o prazo de vixencia do convenio formalizado o 01.08.2017.

Polo tanto, en vista de todo o manifestado anteriormente, as partes

ACORDAN

Subscribir esta addenda ao convenio de colaboración citado modificando a cláusula sétima, que queda redactada nos seguintes termos:

SÉTIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio estenderá a súa vixencia ata o 31 de xullo de 2026 ou ata a asunción por parte dos concellos de Ferrol e Narón da xestión conxunta da explotación, mantemento e conservación das instalacións de saneamento e depuración que dan servizo aos concellos de Ferrol e Narón, no caso de que se asuma antes do 31 de xullo do 2026.

A sinatura desta addenda suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten na addenda, e mailo resto de especificacións contidas nesta, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas desta addenda ao convenio, as partes asinan electronicamente este documento

